



Información
para os
COMERCIOS

CARNÉ FAMILIAR

Coas nosas familias

MÁIS INFORMACIÓN:

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 545 660

DELEGACIÓNS:

A CORUÑA
Avda. do Exército 2 - 15006
Tfno: 981 185 771

LUGO
Ronda da Muralla 70 - 27071
Tfno: 982 294 450

OURENSE
Camiño Prado Lonía s/11 - 32004
Tfno: 988 386 147

PONTEVEDRA
Concepción Arenal 8 - 36201, Vigo
Tfno: 986 817 040



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade

Que ofrece o carné familiar?

Co carné familiar podes obter no noso país vantaxes e descontos de grande importancia nos establecementos que se inclúen como colaboradores deste programa.

O carné é unha tarxeta persoal e intransferible da que se poden aproveitar os membros das familias numerosas que soliciten a súa expedición, por cumpriren os requisitos necesarios para estaren incluídos dentro do título oficial de familia numerosa.



Os/as colaboradores/as con este carné son persoas, empresas e entidades adheridas de xeito voluntario que acordan conceder beneficios ou calquera outro servizo ás persoas posuidoras do carné familiar. A principal vantaxe de posuír este carné é o feito de se beneficiaren as persoas titulares de descontos que non poderán ser inferiores ao 10%, agás que exista un acordo especial por razón de materia ou servizo. Este desconto será efectivo para todas as persoas usuarias do carné familiar que o presenten. A entidade colaboradora poderá requirir a presentación do DNI e, no caso de menores, o título de familia numerosa ou unha fotocopia compulsada deste.

O compromiso de adhesión ao programa do carné familiar é un acordo asinado voluntariamente que ten efectividade desde a súa sinatura e que recolle o desconto. Para o anular cómpre notificalo con tres meses de antelación á Secretaría Xeral da Igualdade.

A Secretaría Xeral da Igualdade comprométese a realizar publicidade do seu establecemento nunha guía de servizos que se lles entrega ás persoas beneficiarias no momento de lles expediren as tarxetas. Nesta guía recollerase o enderezo, a actividade e o desconto que realizará a entidade ou empresa colaboradora.

Na actualidade hai máis de 68.000 persoas beneficiarias do título de familia numerosa. De entre elas, máis de 41.500 son maiores de idade.

Servizo de
información:

981 957 027

www.xunta.es

